

ÁNGELES RODRÍGUEZ

A chamada avispiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*) podería chegar a Galicia.

Está considerada a praga máis perigosa do mundo para esta árbore xa que reduce a súa produtividade ata nun 80%. Este insecto, orixinario de China pero que está presente en Europa dende o ano 2002, detectábase por vez primeira no territorio español no 2012 en Cataluña, onde xa afecta a máis de 40.000 hectáreas. Logo tñíase noticia del en Cantabria e hai apenas un par de semanas aparecía en Málaga, en Ojén e en Yunquera. Ante a gravidade da situación a Rede Estatal do Castiñeiro celebraba o 22 de maio unha reunión extraordinaria en Madrid. Nela participaban os presidentes da IXP Castaña de Galicia, Jesús Quintá, e da Asociación de Productores e Exportadores de Productos Agrosilvestres de Galicia (Proagrosilga), o valdeorrés Francisco Barredo. O sector estatal tomaba o acordo de solicitar ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a posta en marcha de medidas que contemplan, entre outras, “unha estratexia de erradicación e control desta especie invasora de forma coordinada coas diferentes comunidades autónomas, así como a execución de medidas efectivas para iso, incluída a execución de control biolóxico, único método que se ten revelado eficaz ata a data para o control deste insecto”.

O tempo corre en contra do sector. De aí a importancia de actuar o antes posible polas consecuencias económicas e tamén ambientais que



Exemplares de castiñeiros centenarios ourensáns.

CARLOS G. HERVELLA

A praga da avispiña do castiñeiro podería chegar a Galicia

O sector pide medidas urxentes

REDE ESTATAL DO CASTIÑEIRO



Reunión da Rede Estatal do Castiñeiro celebrada o 22 de maio en Madrid.

pode ter a praga. “A Junta de Andalucía acoutou o terreo afectado, iniciou desbroces, limpeza e queima de material forestal para tentar erradicar o foco, pero como a avispiña

é un insecto voador pódese estender. A preocupación é grande porque os seus ovos eclosionan entre finais de maio e mediados de xuño, entón de aí van saír millóns de individuos

que van a infectar unha zona maior. Iso significa que de Andalucía podería pasar a Extremadura, de aí a Portugal ou a Galicia. É un tema moi urxente e non se pode perder tempo porque temos exemplos, como o de Italia, no que acabou co 80% da produción de castaña a nivel nacional e en España pensamos que podería acontecer algo semellante”, advirte Francisco Barredo de Proagrosilga. Por iso destaca que “hai que actuar rapidamente e a Administración debería estar cos oídos moi abertos porque é un sector económico importante e do que viven moitas familias de zonas de rurais de montaña, deprimidas economicamente”. Neste senso, o sector ten solicitada unha reunión coa Xunta de Galicia para

plantexarlle o problema e a urxencia da intervención.

A solución pasa polo *Torymus sinensis*. “É un depredador natural da avispiña, un insecto que anida nas súas larvas e co que se están obtendo bos resultados na erradicación da praga. Pero como se trata dunha solta biolóxica necesitamos o permiso do ministerio. Despois habería que conseguir o *Torymus*, ver de que maneira se vai a aplicar e como se vai facer o seguimento da praga. O ciclo reprodutivo deste insecto é na primavera, co cal a súa solta debería facerse ao mesmo tempo que se están criando as larvas, é dicir, entre maio e xuño. Este ano nós xa non o poderemos soltar, pero o ano que vén si deberíamos facelo”, sinala Barredo.

Confederación Hidrográfica Miño-Sil

Obras de emerxencia nos ríos

O SIL/REDACCIÓN

Nas marxes dos ríos Bibei, Matabois, Requeixo, O Regato e Caldo (en Lobios), pertencentes á Confederación Hidrográfica Miño-Sil, realizaranse obras de emerxencia para reparar os danos causados polos temporais do pasado outono e inverno. A decisión tomábase no Consello de

Ministros do pasado 16 de maio. Neste mesmo acordo incluíanse actuacións noutros tramos da confederación nas provincias de León, Pontevedra e Lugo. Nesta última intervírase no entorno do encoro Vilasouto e Val de Lemos, dos ríos Sarria e Celeiro, no paseo fluvial do río Asma en Chantada e no paseo fluvial do regato Da Ribeira en Quiroga.

En conxunto estas intervencións suporán máis de 1,5 millóns de euros e teñen un triple obxectivo:

repor ao seu estado orixinal as zonas situadas no dominio público hidráulico que resultaron danadas, reparar os danos causados pola auga tanto nas infraestruturas hidráulicas e viarias como nas marxes dos ríos, e mellorar a súa capacidade de desaugue. Ademais, o 30 de maio a Confederación Hidrográfica Miño-Sil anunciaba que invertirá máis de 20.000 euros nas obras de restauración e mellora da capacidade de desaugue do río Avia ao seu paso por Ribadavia.



Imaxe dunha crecida nun dos ríos ourensáns o pasado inverno.

CARLOS G. HERVELLA